

PREGO DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS REGULADORAS DO CONTRATO DE SERVIZOS DENOMINADO: “IMPARTICIÓN DE CLASES NAS ESCOLAS DO PADROADO DA CULTURA DO CONCELLO DE NARÓN”

É obxecto deste prego a regulación e definición concreta dos criterios técnicos que deberá contemplar a memoria que se debe presentar para o concurso, de acordo co establecido no Prego de prescricións administrativas particulares, do servizo de impartición de clases nas Escolas do Padroado da Cultura do Concello de Narón e das condicións técnicas de prestación destes.

1. SERVIZOS INCLUÍDOS NO CONTRATO E FORMA DE PRESTACIÓN. CRITERIOS TÉCNICOS PARA A MEMORIA

BAILE GALEGO

- a) O ensino programarase e executarase desde un criterio puramente tradicional, sen a introducción de elementos coreográficos.
- b) Contemplanse os traballos de investigación ou de campo, así como de recuperación do baile, cantigas, músicas e vestimentas nas distintas comarcas de Galicia.
- c) Uso dos instrumentos tradicionais de apoio nas clases, así como de medios audiovisuais.
- d) Participación na organización de eventos folclóricos e tradicionais.

GAITA E PERCUSIÓN

- a) A programación estará centrada no ensino da música tradicional, nas diversas formas que coexisten na cultura galega (gaiteiros, cantareiras, pandereteiras, etc.) e con especial interese na formación do alumnado realizando traballos de campo para poñerse en contacto cos costumes de Narón e bisbarra, así como co resto de Galicia.
- b) Será de especial interese a contemplación do baseamento do traballo en investigacións de campo e a asunción destes coñecementos como base para a formación integral do alumnado.
- c) Especificarase o método e estruturación da impartición de coñecementos máis amplos sobre a construción e mantemento dos instrumentos que se imparten.

DEBUXO ARTÍSTICO

- a) A programación estará centrada na aprendizaxe de técnicas básicas e avanzadas de debuxo artístico.
- b) O traballo estruturarase segundo as capacidades psicomotrices, técnicas e artísticas do alumnado.
- c) Será de especial interese o contacto con diferentes materiais e técnicas aplicadas.

CANTAREIRAS / PANDERETEIRAS

- a) A programación estará centrada no ensino da música tradicional, nas diversas formas que coexisten na cultura galega.
- b) Estruturarase a aprendizaxe baseándose nos diferentes toques e xiros da oralidade musical galega.
- c) Será de especial interese o estudo da organoloxía dos diferentes instrumentos de percusión manual da tradición popular.

DANZA CONTEMPORÁNEA

- a) A programación estará centrada na aprendizaxe de técnicas básicas e avanzadas de danza.
- b) Identificación e potenciación dos recursos propios de cada alumno/a e desenvolvemento daqueles recursos dos que se amose máis carente.
- c) Fomentarase o estudo de técnicas de expresión corporal e de mantemento e potenciación do estado físico.

OBRADOIROS ACTIVIDADES TRADICIONAIS

- a) A programación estará centrada no ensino dos diferentes ciclos anuais galegos (entroido, maíos, magosto, etc.)
- b) O obxectivo xeral será potenciar a participación activa da veciñanza no desenvolvemento das actividades.
- c) Será de especial interese o traballo coa poboación escolar para dar a coñecer e valorizar o patrimonio inmaterial galego.

TEATRO

Obradoiros

- a) Introdución ós/ás participantes no teatro. As convencións. Os códigos.
- b) Identificación e potenciación dos recursos propios de cada alumno/a e desenvolvemento daqueles recursos dos que se amose máis carente.
- c) Fomento nos/as participantes das aptitudes para o traballo teatral en grupo. A complicidade.
- d) Comprensión do xogo teatral como medio de expresión con dobre destinatario: os outros/as xogadores/as e o público.
- e) Realización de teatro. Coñecemento das posibilidades do teatro como dinamizador da sociedade ou da propia comunidade

Escola de Teatro

- a) O obxectivo xeral é a formación de actrices e actores de teatro.
- b) O obxectivo específico é, a través da formación impartida na Escola, a incorporación por parte do alumnado de conceptos teóricos básicos e experiencia práctica suficiente para o exercicio do oficio actoral. A tal efecto, cada curso desenvolve actuacións ordenadas en actividades es colares e complementarias.
- c) Materias:
 - Aproximación ao teatro
 - Interpretación
 - Teoría e historia do teatro universal e galego
 - Instrumentos da posta en escena
 - Creatividade dramática
 - Teatro físico
 - Danza
 - Voz e dicción

CONSTRUCCIÓN DE INSTRUMENTOS DE PERCUSIÓN TRADICIONAL GALEGA

- a) O ensino programarase e executarase desde un criterio puramente tradicional.
- b) Contemplaranse os traballos de investigación ou de campo.

ZANFOÑA

- a) A programación estará centrada no ensino da música tradicional, nas diversas formas que coexisten na cultura galega (gaiteiros, cantareiras, pandereteiras, etc.) e con especial interese na formación do alumnado realizando traballos de campo para poñerse en contacto cos costumes de Narón e bisbarra, así como co resto de Galicia.
- b) Será de especial interese a contemplación do baseamento do traballo en investigacións de campo e a asunción destes coñecementos como base para a formación integral do alumnado.
- c) Especificarase o método e estruturación da impartición de coñecementos máis amplos sobre a construción e mantemento dos instrumentos que se imparten.

2. CADRO DE PERSOAL

Deberá especificar:

- Acreditación suficiente de formación específica teórica e práctica do persoal.
- Organigrama funcional.
- Medios auxiliares e/ou equipamentos de que dispoñen.

a) Persoal a tempo parcial:

- Danza tradicional: 2
- Teatro. Obradoiros: 3
- Teatro. Formación actores e actrices: 7
- Gaita e percusión: 2
- Bailes de salón: 1
- Debuxo artístico: 1
- Zanfoña: 1
- Construción de instrumentos tradicionais de percusión: 1
- Cantareiras/pandereteiras: 2

b) Persoal a xornada completa:

- Teatro. Obradoiros: 1
- Teatro. Formación de actores e actrices: 1
- Obradoiros actividades tradicionais: 2
- Danza tradicional/bailes salón: 1
- Gaita e percusión: 1
- Coordinación de monitores: 1

3. LUGAR DA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS

O servizo de impartición de clases nas Escolas do Padroado da Cultura do Concello de Narón impartirase fundamentalmente nos Colexios Públicos, Locais sociais comunitarios, Auditorio Municipal e Pazo de Cultura.
